



MIGUEL CORGOS LÓPEZ-PRADO, CONSELLEIRO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E SECRETARIO DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA,

CERTIFICA:

Que o Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día vinte e catro de novembro de dous mil vinte e cinco adoptou, entre outros, o seguinte Acordo:

"Autorizar o Contrato-Programa entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica para a cobertura das necesidades en materia de análises e probas xenéticas e a implantación e desenvolvemento da carteira xenómica no ámbito do Servizo Galego de Saúde.

O importe máximo das achegas a transferir á Fundación para o financiamento da actividade obxecto do presente contrato-programa para exercicio 2025 ascende a 5.401.520 euros (13.577.114 euros no 2026) e segundo o desglose de ingresos e gastos por anualidade/programa/proxecto seguinte:

Ingresos	Aplicación orzamentaria	2025	2026
Ingresos da actividade ordinaria	Ver detalle área sanitaria	1.615.709 €* 8.388.514 €	
Ingresos Programa 5P	50.01.412A.443.14	237.829 €	
Ingresos Programa GeNES	50.01.412A.743.14	1.723.380 €	
Ingresos Proxecto Xenoma Galicia	50.01.561C.443.14	1.824.601 €	5.188.600 €
Total		5.401.519 €	13.577.114€

*Na actividade ordinaria do ano 2025 soamente se teñen en conta os importes restantes a data de aprobación. Se tivéssemos en conta todo o ano o importe sería o mesmo que no ano 2026, pero mentres elaborouse este novo contrato programa, e co gallo de que a tesourería da Fundación non se vira afectada aprobouse un acordo entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación de Medicina Xenómica para a transferencia de financiamento prevista na Lei de Orzamentos para 2022, ao abeiro do previsto no artigo 47.2 do devandito texto legal. ."

E para que conste, asino a presente co Visto e Prace do Sr. Presidente en Santiago de Compostela a vinte e catro de novembro de dous mil vinte e cinco.

Vº. e Prace:
O PRESIDENTE





CONTRATO-PROGRAMA ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA DE MEDICINA XENÓMICA PARA A COBERTURA DAS NECESIDADES EN MATERIA DE ANÁLISES E PROBAS XENÉTICAS E A IMPLANTACIÓN E DESENVOLVEMENTO DA CARTEIRA XENÓMICA NO ÁMBITO DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE.

1. Introducción

1. Por Decreto 451/2003, de 26 de decembro, autorizouse a constitución da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica (FPGMX) e aprobáronse os seus estatutos, sucesivamente modificados por Decreto 133/2005, de 26 de maio, Decreto 146/2007, de 28 de xuño, Decreto 217/2010, de 16 de decembro, e por acordo do Consello da Xunta de Galicia do 21 de decembro de 2023.

Segundo os estatutos vixentes a FPGMX ten, xenericamente, por obxecto, desenvolver actividades relacionadas coa medicina xenómica, entendida como o coñecemento sobre os xenes humanos para o diagnóstico, prognóstico e tratamento das enfermidades humanas, xerado a partir da incorporación das distintas técnicas moleculares consecuencia dos avances nas áreas da xenética humana, a biotecnoloxía, a terapia xénica, a farmacoxenética ou a inmunoloxía molecular, así como o coñecemento e as aplicacións derivadas do proxecto xenoma humano.

Os estatutos prevén que todas as actividades que constitúan o obxecto fundacional desenvolveranse con suxeición aos criterios de planificación e coordinación e ás directrices de carácter xeral emanadas da consellería competente en materia de sanidade e do Servizo Galego de Saúde, no ámbito das súas competencias.

Así mesmo, para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto da fundación, promoverase a necesaria coordinación con todos os servizos hospitalarios da rede sanitaria pública de Galicia e cos centros de atención primaria da nosa Comunidade Autónoma.

2. A Lei 8/2008, de 10 de xullo, configura o Sistema Público de Saúde de Galicia como o conxunto de recursos, medios organizativos, actividades, servizos e prestacións públicas que teñen por finalidade a promoción e a protección da saúde, a prevención da enfermidade, a asistencia sanitaria, a rehabilitación e a reinserción social, todo elo baixo unha perspectiva



de asistencia sanitaria integral e funcionalmente articulada. A tal fin a lei regula, no ámbito territorial de Galicia, a ordenación das prestacións e dos servizos sanitarios que configuran o dereito a protección da saúde e a atención sanitaria.

3. O Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización contempla, no seu ANEXO III, a Carteira de Servizos Comúns de Atención Especializada. O parágrafo 5.3.10 recolle que dentro do ámbito da atención especializada prevese a atención aos pacientes e familiares na área xenética que comprenderá o consello xenético e as análises xenéticas. Tamén se prevé que os equipos que realicen estas actividades terán como apoio as normas de organización, funcionamento e réxime dos Servizos de Saúde.

4. A Lei 14/2007, do 3 de xullo, de Investigación Biomédica establece o marco xurídico no que deben realizarse as análises xenéticas con calquera finalidade, incluída a diagnóstica. No seu Título V regula, entre outras materias relacionadas coa investigación biomédica, a realización de análises xenéticas que son definidas, no seu artigo 3. a) como un procedemento destinado a detectar a presenza, ausencia ou variantes dun ou varios segmentos de material xenético, o que inclúe as probas indirectas para detectar un produto xenético ou un metabolito específico que sexa indicativo ante todo dun cambio xenético determinado.

En relación ás probas xenéticas a Lei 14/2007, do 3 de xullo, prescribe, no seu artigo 46, que se realizarán para a identificación do estado do afectado, de non afectado ou de portador dunha variante xenética que poida predispoñer ao desenvolvemento dunha enfermidade específica dun individuo, ou a condicionar a súa resposta a un tratamento concreto.

Deste xeito, deben solicitarse dentro do ámbito sanitario como parte dun proceso diagnóstico ou predictivo e han de ter un claro beneficio para o paciente; así mesmo, segundo o parágrafo 5.3.10.4 do Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, a súa indicación debe vencellarse sistematicamente ao consello xenético. Ademais, na súa realización debe cumprirse coas garantías que prevé a citada Lei 14/2007, do 3 de xullo, en relación á información previa, ao consentimento, ao dereito a información e ao dereito a non ser informado e ao consello xenético, que debe estar garantido durante todo o proceso de realización dun test xenético.

A citada Lei 14/2007 recolle no seu artigo 55 que cando se leve a cabo unha análise xenética, con fins sanitarios, será preciso garantir ao interesado un asesoramento xenético apropiado,





na forma que regulamentariamente se determine, respectando en todo caso o criterio da persoa interesada. Doutra banda prevese que as probas deben realizarse en centros acreditados e por persoal cualificado e regúlase o acceso aos datos por persoal sanitario e a confidencialidade.

5. A administración sanitaria, dadas as características particulares destas determinacións, debe garantir os mellores resultados fiables así como a súa ordenación no ámbito do Servizo Galego de Saúde.

6. A Instrución 8/2018 da Xerencia do SERGAS, de Ordenación das probas das análises xenéticas no ámbito do Servizo Galego de Saúde, ten por obxecto ordenar a realización das probas e análises xenéticas (excluídas en tumores sólidos) aplicadas á asistencia sanitaria dos pacientes do devandito ámbito. Os centros SERGAS deberán solicitálas á Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, entre outros.

7. No que atinxe á Carteira Xenómica do Sistema Nacional de Saúde, a primeira proposta de catálogo de probas xenéticas aprobouse polo Consello Interterritorial do SNS o 23 de xuño de 2023, comezando polas primeiras áreas priorizadas: oncohematoloxía adultos, oncohematoloxía pediátrica, farmacoxenómica, cardiopatías e trastornos do sistema circulatorio, enfermidades oftalmolóxicas, enfermidades metabólicas hereditarias e mitocondriais, enfermidades neurolóxicas e neuromusculares e trastornos do neuro-desenvolvemento, incluíndo déficit neurocognitivo.

Dito catálogo actualízase periodicamente mediante un procedemento áxil que terá en conta os requisitos que deben cumprir as análises xenéticas ou xenómicas para os efectos da súa inclusión na carteira común de servizos do SNS. Con data de xuño de 2025, ademais das áreas iniciais aprobadas, xa están dispoñibles as seguintes: enfermidades da pel, enfermidades hepáticas, enfermidades respiratorias.

O proceso asistencial dos/as pacientes e familias con enfermidades de base xenética e/ou hereditaria, que inclúe entre outros aspectos o asesoramento xenético e a realización de análises xenéticas ou xenómicas, deberá realizarse por persoal cualificado e en centros que dispoñan de autorización sanitaria, de acordo co Real Decreto 1277/2003, de 10 de outubro, polo que se establecen as bases xerais sobre autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios, e a correspondente normativa autonómica que regula esta materia.





Para impulsar a implementación no sistema sanitario público do catálogo de forma efectiva, homoxénea, equitativa e de acordo con criterios de calidade, púxose en marcha a nivel estatal no ano 2022 o Programa de desenvolvemento de medidas para mellorar a eficiencia e a sostibilidade do SNS mediante a consolidación da medicina personalizada de precisión (Plan 5p).

Así, a actualización da carteira común de servizos de xenética está incluída, como medida transformadora do SNS.

Por tal motivo, o Sistema Público de Saúde de Galicia, como parte integrante do SNS, debe abordar dita implantación, como parte importante das políticas sanitarias de futuro.


8. A Estratexia galega de saúde 2030 do Servizo Galego de Saúde e a Consellería de Sanidade establece como panca de cambio a "Saúde 6P" cun enfoque centrado en seis elementos clave para promover a saúde e o benestar das persoas: preventivo, proactivo, participativo, personalizado, de precisión e poboacional. O contexto actual facilita un novo escenario de maior complexidade dalgúns destes desafíos, tales como o desenvolvemento de estratexias da medicina de precisión, xunto coas novas técnicas de diagnóstico molecular e os avances en tratamentos máis personalizados, que permitirán incrementar as taxas de supervivencia en cancro ou mellorar a calidade de vida en enfermidades raras.

A Estratexia Galega de Saúde 2030, estrutúrase en 5 dimensións, 20 programas e 100 liñas de actuación.

Dentro da "Dimensión 2" (sistema integrado de saúde centrado nas persoas) atópanse o Programa 6 sobre o "diagnóstico temperán e personalizado", e o Programa 8 sobre "terapias avanzadas e medicina de precisión".

O Programa 6 consta de cinco liñas de actuación. A liña 1 refírese á necesidade de despregar modelos de cribado a través de mecanismos de estratificación poboacional orientados ao **diagnóstico e o tratamento personalizado**. Os modelos de cribado son unha ferramenta de gran valor na provisión dunha atención proactiva, onde a prevención e a detección temperá e personalizada da enfermidade xoga un papel fundamental.

A liña 2 refírese ao establecemento dun catálogo de procesos asistenciais que requiren de diagnóstico temperán e extensión das vías rápidas a todas as enfermidades de alta prevalencia e tempo-dependentes.



Un diagnóstico temperán das enfermidades de alta prevalencia e tempo-dependentes contribúe a aumentar a supervivencia dos pacientes, mellorar a calidade de vida e incrementar a efectividade dos tratamentos.

A liña 3 do Programa 6, refírese concretamente á necesidade de despreparar a medicina personalizada e de precisión mediante o uso de probas diagnósticas avanzadas, como é o caso da xenómica.

A medicina personalizada e de precisión dános acceso ás características xenéticas, moleculares e clínicas dos doentes, e esta información, á súa vez, permítenos mellorar o prognóstico e diagnóstico do paciente, ademais de seleccionar o tratamento máis axeitado en cada caso, obtendo mellores resultados clínicos, unha redución das potenciais complicacións e un incremento, tanto da supervivencia como da calidade de vida dos pacientes.

A liña 4 do citado Programa 6 contempla a necesidade de asegurar o acceso equitativo ao diagnóstico xenético mediante un proceso que garanta un adecuado consello pre e postdiagnóstico.

Isto implica promover o asesoramento xenético a través da colaboración de equipos multidisciplinares e a través de departamentos, servizos ou unidades, mantendo o nexo de unión a través da consulta e tendo en conta todos os recursos existentes, incluída a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, o que demostra o compromiso do Sistema Público de Saúde de Galicia para asentar o asesoramento xenético na práctica clínica.

Finalmente, a liña 5 do Programa 6 refírese ao impulso ao desenvolvemento e a adopción das técnicas diagnósticas ómicas na rede sanitaria e constitución dos comités moleculares.

Por outra banda, dentro da "Dimensión 2" da estratexia (sistema integrado de saúde centrado nas persoas), atópase o Programa 8 sobre "terapias avanzadas e medicina de precisión", que ten catro liñas de actuación.

A liña 3 en concreto refírese á necesidade de impulsar o desenvolvemento e adopción equitativa da medicina personalizada de precisión.

A implementación da medicina personalizada de precisión no sistema sanitario ha de ser equitativa e eficaz, asegurando unha optimización na utilización de recursos e tecnoloxías sanitarias, favorecendo a investigación clínica, a innovación e a competitividade da industria biomédica.





Por outra banda, o 30 de abril de 2021, España presentou á Comisión o seu Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en adiante, PRTR), de conformidade co artigo 18, apartado 1, do Regulamento (UE) 2021/241, do Parlamento Europeo e do Consello, de 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia. O PRTR permitirá que España poida acceder ata 140.000 millóns de euros en créditos e transferencias no período 2021-2026, que xunto coa Axuda á Recuperación para a Cohesión e os Territorios de Europa (REACT-UE) e o resto dos instrumentos previstos no Marco Financeiro Plurianual, impulsarán reformas e investimentos nos ámbitos prioritarios a nivel europeo.

O PRTR, que recolle 110 investimentos e 103 reformas, estrutúrase en catro eixes dedicados á transición ecolóxica, transformación dixital, cohesión social e territorial e igualdade de xénero, que á súa vez orientan dez políticas panca e trinta compoñentes.

A sexta política panca é o "Pacto pola ciencia e a innovación. Reforzo ás capacidades do Sistema Nacional de Saúde", que propón unha transformación baseada na ciencia e o coñecemento.

A compoñente 18 "Renovación e ampliación das capacidades do Sistema Nacional de Saúde" busca, en coordinación coas Comunidades Autónomas, a través do Consello Interterritorial do SNS (CISNS) como órgano de co-gobernanza, reforzar as capacidades do Sistema Nacional de Saúde (SNS). Preténdese fortalecer as debilidades estruturais detectadas e adaptar o SNS aos retos e desafíos aos que se enfronta.

O obxectivo é preparar ao SNS para previr e afrontar posibles ameazas sanitarias globais e garantir que todas as persoas teñan as máximas oportunidades de desenvolver e preservar a súa saúde e que dispoñan dun sistema sanitario público, universal e excelente, solidamente cohesionado, proactivo, innovador e intelixente, que coide e promocióne a saúde individual e colectiva ao longo de toda a vida.

Un dos investimentos contempladas nesta compoñente, o número 5 (C18.I5) refírese ao «Plan para a racionalización do consumo de produtos farmacéuticos e fomento da sostibilidade» á que se engadiron coa addenda ao PRTR, aprobada polo Goberno de España o 6 de xuño de 2023, «(...) e consolidación da medicina personalizada na prestación sanitaria».

9. Por outra banda, O artigo 12 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, recolle entre os dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do



Sistema Público de Saúde de Galicia, o “dereito á utilización das vantaxes das novas tecnoloxías xenómicas dentro do marco legal vixente”.

O artigo 131. 1 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, establece que “a Administración sanitaria promoverá a investigación biosanitaria, especialmente na súa vertente traslacional, como un instrumento para a mellora da saúde da poboación tendo en conta as prioridades marcadas polos plans de investigación e innovación vixentes en cada momento. Todos os centros e servizos sanitarios estarán en disposición de favorecer e desenvolver a investigación, e promoverán a cultura científica, tecnolóxica e de innovación.”

No parágrafo segundo da Disposición adicional cuarta da mesma lei (sobre medicina xenómica), engadida polo artigo 32.3 da Lei 10/2023, do 28 de decembro, establécese que “promoveranse estudos poboacionais que permitan estratificar ás persoas dun xeito máis preciso en distintos grupos de risco para o desenvolvemento de determinadas patoloxías y favorecer, con iso, o desenvolvemento proactivo de solucións personalizadas para mellorar o diagnóstico, o tratamento, a predición e a prevención de determinadas enfermidades”.

Respecto dos plans e programas, o artigo 64 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, refírese ao desenvolvemento sectorial da Estratexia galega de saúde, indicando que a Consellería de Sanidade poderá aprobar plans ou programas específicos para desenvolver aspectos concretos da Estratexia galega de saúde, tanto para a abordaxe detallada dun dos obxectivos, problemas ou áreas de mellora identificadas na mesma coma para a abordaxe conxunta de varios deles desde un campo particular da xestión sanitaria. Estes plans e programas estarán aliñados coas directrices marcadas pola Estratexia galega de saúde e desenvolveranse dentro do seu prazo de vixencia.

De conformidade coa Estratexia de Saúde 2030, e no seu desenvolvemento, a Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde teñen previsto executar o **“Proxecto Xenoma Galicia”**, como iniciativa da Xunta para o estudo xenómico dun sector poboacional significativo e, deste xeito, poder detectar enfermidades antes de que aparezan, diagnosticarlas de maneira precoz e ofrecer tratamentos farmacolóxicos individualizados.

Para levar a cabo o “Proxecto Xenoma Galicia” resulta imprescindible contar coa infraestrutura, medios, coñecementos e experiencia da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica, tendo esta a consideración de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.



2. Obxecto

O obxecto do presente Contrato-Programa é establecer o marco de relacións entre a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e a Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde e, polo tanto, os compromisos de cada parte para a consecución da misión da dita Fundación como entidade designada para a implantación e desenvolvemento da Carteira Xenómica no Sistema Público de Saúde de Galicia.

A FPGMX comprométese a ofrecer rutas asistenciais, no marco da política de cohesión do Servizo Galego de Saúde, que aseguren un acceso ás probas e diagnóstico xenético dos pacientes en condicións de equidade e calidade científico-técnica e, segundo criterios de:

- **Accesibilidade:** garantindo a equidade no acceso as probas polas distintas áreas e servizos do Sistema Público de Saúde.
- **Equidade:** asignando a resposta atendendo a criterios de urxencia/gravidade e de optimización de recursos.
- **Universalidade:** dando resposta ás necesidades das persoas e familias con enfermidades de base xenética ou con risco de padecelas no conxunto do Servizo Galego de Saúde e proporcionando os servizos que cumpran as esixencias legais e/ou regulamentarias aplicables.
- **Calidade:** potenciando a eficacia dos recursos humanos e tecnolóxicos da Fundación para asegurar unha resposta de calidade nos produtos e/ou servizos.
- **Homoxeneización/Coordinación:** proporcionando unha atención integral aos pacientes segundo protocolos de coordinación cos recursos asistenciais do Servizo Galego de Saúde, impulsando as unidades multidisciplinares con profesionais de distintas especialidades e, tomando como base a homoxeneización de procesos mediante a protocolización e a integración en rede co resto da estrutura sanitaria.

A fundación para dar cumprimento á súa misión e ao mandato do Servizo Galego de Saúde desenvolve, no eido actual da medicina personalizada de precisión, actividades asistenciais, de investigación e de divulgación.

Os servizos asistenciais SERGAS prestaranse pola fundación de acordo ás peticións de análises xenéticas procedentes dos seus centros hospitalarios e ao abeiro de Contrato-programa vixente.



As análises xenéticas ou xenómicas incluídas na carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde, Orde SND/606/2024, de 13 de xuño, deben cumprir os seguintes requisitos:

- 1.º Ter validez analítica e clínica sustentada na evidencia científica.
- 2.º Ser de utilidade clínica: constituír un elemento esencial para a diagnose e prognóstico da enfermidade, para a selección e seguimento de tratamentos, así como para a toma de decisións reprodutivas. Todo elo sempre que o balance beneficio/risco sexa favorable.
- 3.º Ter sido valorados previamente en relación ás implicacións éticas, sociais, legais, organizativas e económicas da súa inclusión na oferta asistencial pública.

Pódense realizar en persoas sans, enfermas, portadoras ou en risco de padecer a enfermidade, sen considerar o tipo de tecido no que se realizan e indistintamente si se trata de variantes xenéticas xerminais ou somáticas. Contempla as seguintes determinacións:

a) Análises xenéticas ou xenómica diagnósticas:

Realízanse en persoas con signos ou síntomas de calquera enfermidade e serven para confirmar ou descartar unha enfermidade, trastorno ou alteración de base xenética.

b) Análises xenéticas presintomáticas ou predictivas:

Realízanse en persoas asintomáticas que pertencen a unha familia ou grupo poboacional de alto risco, no que se identificou a presenza dunha enfermidade ou trastorno xenético e a alteración xenética foi previamente caracterizada, ou ben por ser detectado nun cribado poboacional previo. Serven para determinar se presentan un risco elevado a desenvolver unha determinada enfermidade.

c) Análises xenéticas de portadores:

Realízanse en persoas con alto risco de transmisión de enfermidade a súa descendencia, aínda que en xeral teñen pouca ou ningunha consecuencia para a saúde desta persoa e serven para determinar se a persoa é portadora dunha alteración xenética hereditaria.

d) Análises xenéticas ou xenómica para diagnose prenatal:

Realízanse en fetos con alto risco de sufrir unha determinada enfermidade ou trastorno xenético relacionado coa súa saúde, anomalía cromosómica ou molecular.



e) Análises xenéticas para test prenatal non invasivo:

Realízase o cribado de aneuploidías no material xenético do feto, obtido a partires do sangue materno de muller xestante.

f) Análises farmacoxenéticas e farmacoxenómicas:

Realízanse en persoas que precisan ser tratadas con determinados medicamentos incluídos na prestación farmacéutica do Sistema Nacional de Saúde e serven para determinar a estratexia terapéutica, valorar a resposta ao tratamento ou evitar ou minimizar os posibles efectos adversos nun individuo determinado.

g) Análises xenéticas en onco-hematoloxía:

Realízanse en persoas con signos ou síntomas de enfermidades onco-hematolóxicas sempre que a relación causal entre os mesmos e a enfermidade teña validez analítica e clínica sustentada en evidencia científica e que poidan ser identificadas mediante cariotipo de células tumorais ou técnicas moleculares.

h) Asesoramento xenético:

Procedemento destinado a informar a unha persoa sobre as posibles consecuencias para ela ou seus familiares dos resultados dunha análise xenética ou xenómica e dos seus beneficios, riscos e limitacións e, no seu caso, para asesorar en relación coas posibles alternativas derivadas da análise. Este procedemento terá lugar nas enfermidades ou trastornos de base xenética e potencialmente hereditarios tanto antes como despois dunha proba xenética ou xenómica e incluso en ausencia dos mesmos. O asesoramento xenético terá como obxectivo axudar á persoa ou familia a entender e adaptarse ás consecuencias médicas, psicolóxicas, familiares e sociais dunha determinada enfermidade, trastorno xenético ou alteración de relevancia farmacoxenética.

Ademais das anteriores actividades asistenciais a fundación desenvolve **actividades de investigación**, a través dos proxectos captados ou concedidos a través de diferentes convocatorias, públicas ou privadas.

Adicionalmente, dentro do ámbito deste contrato programa recóllense distintas accións específicas con financiamento, vixencia, condicións e obxectivos concretos:

- Programa de medicina personalizada 5P



- Programa GeNes
- Proxecto Xenoma Galicia

A información detallada destas acción recóllese no Anexo II.

O presente contrato-programa tamén pretende servir de instrumento para a **mellora e dimensionamento das capacidades e medios da Fundación**, para facer fronte á carga de traballo que implica a actividade desenvolvida.


Isto implica:

- Determinación da actividade real realizada pola Fundación para dar resposta ás necesidades de probas solicitadas desde os centros do Sistema Público de Saúde de Galicia. Isto leva aparelhada a distribución d gasto por áreas sanitarias segundo demanda, ou ben a implantación da facturación centralizada a través do Servizo Galego de Saúde como organismo financiador.
- Aplicación íntegra dos recursos xerados á actividade encomendada á Fundación, como medida necesaria para acadar un grao óptimo de investimento e mellora, así como para asegurar a viabilidade e sostibilidade a medio e longo prazo.
- Determinación e cobertura das necesidades reais de medios (materiais e persoais) necesario para facer fronte á actividade con adecuados niveis de calidade, e garantía da equidade no acceso ás probas nas diferentes áreas sanitarias.
- Actualización e adaptación da carteira de servizos ao catálogo de probas implantado no Sistema Nacional de Saúde.
- Simplificación no proceso de solicitude de probas e comunicación de resultados, mediante un sistema de petición electrónica, máis áxil e con maior control da trazabilidade e coñecemento do estado das solicitudes cursadas.

3. Vixencia

A vixencia deste contrato-programa comezará desde o primeiro día do mes seguinte ao da súa aprobación polo Consello da Xunta de Galicia non obstante o anterior, as partes acordan que cubrirá as actividades desenvolvidas e os servizos realizados dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 31 de decembro de 2026.

Transcorrido o prazo de vixencia poderase prorrogar por períodos anuais ata un máximo de 2 anualidades e sempre que se dispoña da consignación orzamentaria axeitada e suficiente.





Sen prexuízo do anterior, cómpre ter en conta que:

- a) Programa 5P ten data de finalización prevista a 31/12/2025
- b) A execución do programa "GenES" ten data de finalización prevista o 30/06/2026.
- c) A execución do "Proxecto Xenoma Galicia" na súa totalidade precisa de un tempo superior as dúas anualidades recollidas no presente Contrato-Programa: 2025 e 2026.

4. Obxectivos e liñas de actuación

4.1. Misión e visión da Fundación

Misión

Segundo o artigo 4.4 dos estatutos vixentes, aprobados polo Consello da Xunta de Galicia na súa sesión de 21 de decembro de 2023, a fundación ten o carácter de medio propio instrumental e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade e para os efectos previstos no artigo 47 da Lei 16/2010, do 17 de decembro.

O artigo 5 dos estatutos establecen que a fundación ten, xenericamente, por obxecto, desenvolver actividades relacionadas coa medicina xenómica, entendida como o coñecemento sobre os xenes humanos para o diagnóstico, prognóstico e tratamento das enfermidades humanas, xerado a partir da incorporación das distintas técnicas moleculares consecuencia dos avances nas áreas da xenética humana, a biotecnoloxía, a terapia xénica, a farmacoxenética ou a inmunoloxía molecular, así como o coñecemento e as aplicacións derivadas do proxecto xenoma humano.

Todas as actividades que constitúan o obxecto fundacional desenvolveranse con suxeición aos criterios de planificación e coordinación e ás directrices de carácter xeral emanadas da consellería competente en materia de sanidade e do Servizo Galego de Saúde, no ámbito das súas competencias.

Así mesmo, para o desenvolvemento das actividades que constitúen o obxecto da fundación, promoverase a necesaria coordinación con todos os servizos hospitalarios da rede sanitaria pública de Galicia e cos centros de atención primaria da nosa Comunidade Autónoma.

Segundo dispón o Decreto 12/2009, de 8 de xaneiro, da Consellería de Sanidade, polo que se regula a autorización de centros, servizos e establecementos sanitarios de Galicia, a



Fundación figura inscrita no Rexistro co número C-15-001208 (oferta asistencial: U.78 – XENÉTICA; U.72-TOMA DE MOSTRAS).

Neste punto, cómpre facer referencia á Orde SND/606/2024, de 13 de xuño, pola que se crea o Comité Asesor para a Carteira Común de Servizos na Área de Xenética, e pola que se modifican os anexos I, II, III, VI e VII do Real decreto 1030/2006, de 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización.

A citada Orde veu modificar diversos aspectos que forman parte da actividade da Fundación, como é o apartado 5.3.10 do anexo III do Real decreto 1030/2006, de 15 de setembro, relativo á atención aos pacientes e familiares na área das enfermidades de base xenética, que comprenderá as análises xenéticas ou xenómicas e o asesoramento xenético e que, xunto coa creación do Comité Asesor para a Carteira Común de Servizos de Xenética, apuntan a unha potencial e progresiva ampliación e revisión das actividades encomendadas á Fundación, como parte integrante da carteira de servizos do Sistema Público de Saúde.

Visión:

Convertermos en unha organización de referencia para o ecosistema sanitario, na prestación dos servizos reflectidos na nosa misión, tanto polo noso modelo e capacidade como pola orientación á innovación de produtos, procesos, e servizos, apoiando ao SERGAS e ás Áreas sanitarias na mellora da súa calidade asistencial e nos seus resultados.

4.2. Obxectivos estratéxicos:

A fundación define os seus obxectivos estratéxicos e os seus obxectivos operativos de acordo cos obxectivos considerados no Plan estratéxico de Galicia e nos plans xerais da Consellería de Sanidade.

A estratexia galega de saúde 2030 establece o marco de referencia para a transformación do ecosistema sanitario en relación coa atención asistencial. Establece a "Saúde 6P" como panca de cambio a cun enfoque centrado en seis elementos clave para promover a saúde e o benestar das persoas: preventivo, proactivo, participativo, personalizado, de precisión e poboacional. O contexto actual facilita un novo escenario de maior complexidade dalgúns destes desafíos, tales como o desenvolvemento de estratexias da medicina de precisión, xunto coas novas técnicas de diagnóstico molecular e os avances en tratamentos máis





personalizados, que permitirán incrementar as taxas de supervivencia en cancro ou mellorar a calidade de vida en enfermidades raras.

Neste sentido o eixo sobre o que sustentan os obxectivos operativos que definen a estratexia da Fundación é o "Reto demográfico" e dentro deste eixo estratéxico na prioridade de actuación destinada a "Fortalecer unha asistencia sanitaria accesible e de calidade" (PA.1.4) o cal inclúe os obxectivo estratéxicos OE.1.4.01 "Promover a atención sanitaria integral adaptada ás distintas necesidades da poboación e prevención de enfermidades e problemas de saúde".

A Política de Calidade da Fundación articúlase o redor dunha serie de conceptos fundamentais, que teñen como premisa a permanente optimización da súa organización e un funcionamento enfocado na atención e satisfacción do cliente.

Como **obxectivos estratéxicos** da FPGMX sinalar:

1. Sostibilidade e xestión de recursos
2. A mellora continua
3. A satisfacción das persoas usuarias

O cumprimento destes obxectivos abranguen a totalidade de actividades que realiza a FPGMX no cumprimento do seu obxecto social.

Nesa liña, é necesario desenvolver e implantar melloras constantes na xestión dos recursos humanos, na execución dos procesos directos e indirectos existentes na Fundación, na orientación aos clientes, unido a unha alta implicación de tódolos empregados e, en particular, co compromiso da Dirección.

O cumprimento destes obxectivos ten por finalidade realizar unha xestión eficiente da demanda e unha adecuada xestión dos recursos sempre baixo o enfoque de conseguir que, sempre que os cidadáns requiran asistencia sanitaria, se faga de forma eficiente a través dunha adecuada asignación de recursos e sempre baixo os parámetros de accesibilidade, equidade, universalidade, continuidade e máxima calidade. A finalidade é acadar un nivel óptimo nos tempos de asistencia, a opción asistencial máis adecuada e o mellor aproveitamento de recursos dispoñibles garantindo a sostibilidade financeira e realizando o maior nivel de actividade posible que permita o equipamento e persoal dispoñible.



4.3. Obxectivos operativos e descrición de indicadores:

En base aos obxectivos estratéxicos (OES) se determinan os seguintes obxectivos operativos (OOP) e indicadores (IND) así como o criterio para a súa cuantificación.

1. Sostibilidade e xestión de recursos

1.1. Actividade asistencial:

(OOP) Actividade asistencial: dar resposta ás necesidades do contrato programa co Servizo Galego de Saúde segundo as condicións pactadas, xestionando os recursos persoais e tecnolóxicos dun xeito eficiente e respectando os indicadores de calidade na prestación dos servizos.

Co fin de realizala maior actividade posible co orzamento dispoñible establecéronse as seguintes cantidades de actividade por unidade asistencial:

Obxectivo Estratéxico	Obxectivo Operativo	Indicadores	Unidade asistencial	2024*	2025	2026
Sostibilidade e xestión de recursos	Actividade asistencial	Número de determinacións totais realizadas	Farmacoxenética	947	600	695
			Enf. Hereditarias	15.326	14.000	14.700
			Oncohematoloxía	19.938	23.000	23.155
			Diagnose Prenatal	1.824	1.400	1.450
			Total	38.035	39.000	40.000

*Actividade realizada no 2024

Modificacións da actividade recollida na táboa anterior se procederá de acordo co establecido na cláusula 10.

1.2. Eficiencia na actividade asistencial:

(OOP) Eficiencia na actividade asistencial: A eficiencia do Sistema Público Galego de Saúde depende directamente do aproveitamento das capacidades e prestacións de profesionais e equipamento sanitario empregados na actividade asistencial. O continuo perfeccionamento e a adquisición de novas habilidades son imprescindibles para manter e optimizar o nivel dos servizos sanitarios, poder ofrecer novos procedementos, conseguir aproveitar as prestacións da tecnoloxía dispoñible e minimizar os custes da actividade realizada.



Obxectivo Estratéxico	Obxectivo Operativo	Indicadores	Unidade asistencial	2024*	2025	2026
Sostibilidade e xestión de recursos	Eficiencia na actividade asistencial	Tempo (días) promedio de informado das determinacións realizadas	Farmacoxenética	17	15	14
			Enf. Hereditarias	240	235	180
			Oncohematoloxía	40	40	38
			Oncohematoloxía aguda	-	3	2
			Diagnose Prenatal	9	9	9
		Ratio entradas e saídas por ano: Solicitudes de determinacións /determinacións realizadas	Farmacoxenética	1,03	< 1,00	< 1,00
			Enf. Hereditarias	1,16	1,08	< 1,00
			Oncohematoloxía	1,02	< 1,00	< 1,00
			Diagnose. Prenatal	1	< 1,00	< 1,00
		Número de mostrás procesadas /capacidade máxima de procesado dispoñible cos equipos actuais	Farmacoxenética	9%	9%	9%
			Enf. Hereditarias	36%	40%	44%
			Oncohematoloxía	35%	42%	50%
			Diagnose Prenatal	19%	20%	21%

*Actividade realizada no 2024

Para a medida da eficiencia na actividade establecéronse tres indicadores de calidade asistencial. O primeiro deles é un indicador de calidade posanalítico relacionado co tempo de resposta, o segundo coa capacidade de dar saída a demanda de probas e o terceiro co porcentaxe de ocupación do equipamento. Este último indicador mostraría a capacidade de procesar máis probas co equipamento actual co dimensionamento adecuado do persoal.

1.3. Carteira de servizos:

(OOP) Carteira de servizos: continuar adaptando a carteira de servizos da Fundación ás necesidades da actividade asistencial de acordo coas liñas de actuación contempladas no contrato-programa e a nova carteira aprobada polo Ministerio de Sanidade.

Obxectivo Estratéxico	Obxectivo Operativo	Indicadores	2024	2025	2026
Sostibilidade e xestión de recursos	Carteira de servizos	Grado de cumprimento coa carteira de servizos de xenética do SNS	-	80%	82%

Os obxectivos anteriores estarían suxeitos a dispoñibilidade en condicións normais dos equipos asistenciais (considerando mantementos preventivos). No caso de producirse

actuacións non previstas por actualizacións de equipamento ou avarías non imputables a Fundación os obxectivos anteriores reduciríase proporcionalmente en función do porcentaxe de inactividade dos equipos sobre xornada normal, sempre previo acordo coa DX de Asistencia sanitaria do Servizo Galego de Saúde.

2. Mellora continua

Os obxectivos establecidos neste ámbito son os seguintes:

1.1. Coordinación/interacción con el sistema sanitario

(OOP) Dispoñer de mecanismos de coordinación formais e frecuentes que melloren a interacción da FPGMX coas áreas sanitarias, para coñecer mellor as súas necesidades e mellorar continuamente a resposta.

Obxectivo Estratéxico	Actuación	Obxectivo Operativo	Indicadores	2024	2025	2026
Mellora continua	Coordinación/interacción co sistema sanitario	Dispoñer de mecanismos de coordinación formais e frecuentes que melloren a interacción coas áreas sanitarias, para coñecer mellor as súas necesidades e mellorar continuamente a resposta.	Nº reunións coas xerencias das 7 áreas sanitarias	-	Polo menos unha reunión con cada unha das áreas sanitarias	Manter polo menos as reunións iniciadas en 2025
			Nº reunións cos servizos hospitalarios	-	Definir unha proposta de reunións e o mecanismo de interacción	Desenvolver actuacións polo menos en 2 liñas propostas.

1.2. Visibilidade

(OOP) Definir as ferramentas para impulsar ante a sociedade a visibilización da FPGMX como axente institucional referente no seu campo (programas, logros e avances realizados pola FPGMX) e das actividades relacionadas coa xenómica.



Obxectivo Estratéxico	Actuación	Obxectivo Operativo	Indicadores	2024	2025	2026
Mellora continua	Visibilidade	Definir as ferramentas para impulsar ante a sociedade a visibilización da Fundación como axente institucional referente no seu campo (programas, logros e avances realizados pola Fundación) e das actividades relacionadas coa xenómica	Definir a Axenda de visibilidade	-	Definir Axenda de Visibilidade	Desenvolver actuacións polo menos en 2 liñas das sinaladas na Axenda

1.3. Investigación:

Os obxectivos establecidos neste ámbito son os seguintes:

(OOP) Manter e potenciar liñas estratéxicas de investigación que promovan a excelencia científico técnica no ámbito da xenómica.

Obxectivo Estratéxico	Actuación	Obxectivo Operativo	Indicadores	2024	2025	2026
Mellora continua	Investigación	Manter e potenciar liñas estratéxicas de investigación que promovan a excelencia científico técnica no ámbito da xenómica.	Participación en proxectos de investigación no ámbito da xenómica	-	5	5
			Publicacións	-	35	35
			Fondos captados	-	300.000,00 €	300.000,00 €

3. Satisfacción dos usuarios dos servizos asistenciais

(OOP) Medir o grao de satisfacción dos usuarios (pacientes e profesionais) dos servizos mediante enquisa realizada ao efecto.



Obxectivo Estratéxico	Obxectivo Operativo	Indicadores	2024	2025	2026
Satisfacción dos usuarios dos servizos asistenciais	Medir o grao de satisfacción dos usuarios (pacientes e profesionais) dos servizos	Enquisa para coñecer o grao de satisfacción dos usuarios.	-	Deseño e realización da enquisa a profesionais. Realización da enquisa a pacientes realizada	Realización da enquisa a profesionais. Manter a enquisa a pacientes

5. Marco económico financeiro

5.1. Previsións Orzamento de explotación

A Fundación financiarase a través dos seus recursos propios e das transferencias e subvencións que poida recibir da Comunidade Autónoma e de "Outros".

- Financiamento a través de recursos propios: correspóndense cos ingresos motivados pola prestación de servizos cando existan terceiros obrigados ao pagamento, conforme o Decreto 56/2014, do 30 de abril, polo que se establecen as tarifas dos servizos sanitarios prestados nos centros dependentes do Servizo Galego de Saúde e nas fundacións públicas sanitarias. A prestación sanitaria será obxecto de facturación aos terceiros obrigados ao pagamento tendo a consideración de prezos públicos.
- Financiamento da Comunidade Autónoma: provén dos ingresos recibidos a través das transferencias correntes e capital e/ou das subvencións das que no seu caso poida ser beneficiaria a Fundación.
- Outros (doazóns, legados,...): considéranse fondos propios e serán aqueles que percibe como contraprestación polas actividades que poida realizar en virtude de contratos, convenios e calquera outra achega pública, privada ou de persoas físicas que se apliquen a unha finalidade determinada.

O financiamento da actividade da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica derivada do presente Contrato-Programa realizarase con cargo aos créditos dos centros do Servizo Galego de Saúde sinalados a continuación. Establécese a través do réxime de transferencias.





O importe máximo das achegas a transferir á Fundación para o financiamento da actividade obxecto do presente contrato programa para exercicio 2025 ascende a 5.401.520 euros (13.577.114 euros no 2026) e segundo o desglose de ingresos e gastos por anualidade/programa/proxecto seguinte:

Ingresos	Aplicación orxamentaria	2025	2026
Ingresos da actividade ordinaria	Ver detalle área sanitaria	1.615.709 €* 	8.388.514 €
Ingresos Programa 5P	50.01.412A.443.14	237.829 €	-
Ingresos Programa GeNES	50.01.412A.743.14	1.723.380 €	-
Ingresos Proxecto Xenoma Galicia	50.01.561C.443.14 50.01.561C.743.14	1.824.601 €	5.188.600 €
Total		5.401.519 €	13.577.114 €
Gasto		2025	2026
Gastos Actividade ordinaria			
Gasto de persoal		373.348 €	3.177.981 €
Gasto en bens correntes e servizos		1.042.361 €	5.210.533 €
Gasto de capital		200.000 €	-
Subtotal		1.615.709 €	8.388.514 €
Gastos Programa 5P			
Gasto de persoal		237.829 €	-
Subtotal		237.829 €	-
Gastos Programa GeNes			
Gasto de capital		1.723.380 €	-
Subtotal		1.723.380 €	-
Gastos Xenoma Galicia			
Gasto de persoal		523.095 €	828.493 €
Gasto en bens correntes e servizos		1.248.266 €	4.360.107 €
Gasto de capital		53.240 €	-
Subtotal		1.824.601 €	5.188.600 €



Totais		
Gasto de persoal	1.134.272 €	4.006.474 €
Gasto en bens correntes e servizos	2.290.628 €	9.570.640 €
Gasto de capital	1.976.620 €	0 €
Total	5.401.520 €	13.577.114 €

* Na actividade ordinaria do ano 2025 soamente se teñen en conta os importes restantes a data de aprobación. Se tivésemos en conta todo o ano o importe sería o mesmo que no ano 2026.

O orzamento da actividade ordinaria do Servizo Galego de Saúde desglosado por Áreas Sanitarias é o seguinte:

Áreas Sanitarias	Aplicación orzamentaria	Previsión exercicio 2025**	Previsión exercicio 2026
		IMPORTE 2025	IMPORTE 2026
Coruña/Cee	1501 412A 443.14	77.600 €	931.200 €
Ferrol	1505 412A 443.14	84.233 €	367.598 €
Lugo/Monforte/A Costa	2701 412A 443.14	175.614 €	871.362 €
Ourense/Barco/Verín	3201 412A 443.14	167.416 €	640.997 €
Pontevedra/Salnés	3603 412A 443.14	192.583 €	541.000 €
Santiago/Barbanza	1571 412A 443.14	309.560 €	2.862.724 €
Vigo	3601 412A 443.14	408.703 €	1.173.633 €
SSCC	5001 412A 743.14	200.000,00 €	-
Estratexia galega enfermidades raras	5001/412A/ 443.142026000051010		1.000.000 €
Totais Contrato- Programa Actividade Ordinaria 2025-26		1.615.709 €	8.388.514 €

**Na actividade ordinaria do ano 2025 soamente se teñen en conta os importes restantes a data de aprobación. Se tivésemos en conta todo o ano o importe total sería o mesmo que no ano 2026.

Con este orzamento o Servizo Galego de Saúde contribúe ao financiamento do servizo público sanitario xestionado pola Fundación, nas condicións previstas no Contrato-Programa. Este acordo queda sometido á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigas que del se deriven. Referir que se poden

realizar as redistribucións que procedan para axustar o crédito á previsión do gasto por área sanitaria.

O libramento da transferencia de financiamento da actividade ordinaria de gasto corrente realizarase conforme ao seguinte criterio:

- 95% do importe económico previsto no apartado anterior distribuirase en doce partes co obxecto da asignación dun importe mensual. Este importe librase dentro dos 5 primeiros días dos mes.
- 5 % restante librarase anualmente en función do cumprimento do 90% dos indicadores de actividade e calidade na cantidade correspondente segundo o establecido no apartado 4.3

O importe do gasto de capital librarase unha vez emita e presente a dirección da fundación a certificación do gasto realizado xuntamente co informe de actividades e a documentación acreditativa que proceda (as facturas deberán conter suficiente información de detalle que permita relacionala co gasto xustificado). Para a validación dos citados documentos requirirase da conformidade DX de Asistencia Sanitaria. Os libramentos poderanse ser parciais na medida en que se execute e se conforme tanto o gasto realizado como a actividade desenvolvida.

En detalle, o marco financeiro total 2025-2026 da fundación é o seguinte:





ORZAMENTO Gastos FPGMX	TOTAL, PAIF 2025	TOTAL, PAIF 2026
Aprovisionamentos	6.856.073 €	8.951.246 €
Gastos persoal	3.699.726 €	4.444.752 €
Outros gastos explotación	1.066.533 €	1.355.641 €
Amortización	610.021 €	975.558 €
Gastos financeiros	13.964 €	300 €
Subtotal G. explotación	12.246.317 €	15.727.497 €
Adquisición de inmovilizado	253.240 €	
Subtotal G. capital	253.240 €	
Total, aplicación recursos	12.499.557 €	15.727.497 €

ORZAMENTO Ingresos FPGMX	TOTAL, PAIF 2025	TOTAL, PAIF 2026
Subvencións explotación	10.746.516 €	13.916.809 €
Outros Ingresos actividade	884.330 €	897.805 €
Outros ingresos explotac.	5.272 €	1.500 €
Subvenc., doazóns capital traspas. ao resultado	560.036 €	860.920 €
Ingresos financeiros	50.163 €	50.463 €
Subtotal I. explotación	12.246.317 €	15.727.497 €
Transferencias de capital	253.240 €	
Subtotal I. capital	253.240 €	
Total, orixe recursos	12.499.557 €	15.727.497 €

5.2. Mecanismos de retorno en caso de resultados positivos: rappel anual.

Anualmente no caso de que a Fundación acade resultados positivos establécese, segundo acordo de Padroado ao efecto, a realización de rappel -por actividade efectivamente realizada- ás diferentes Áreas de Saúde.

O acordo acadado elevarase á Subcomisión de seguimento de Servizos centrais.

5.3. Fórmulas de compensación.

De acordo co establecido no punto 2 do artigo 24 do Decreto 276/2001, do 27 de setembro, se concorren circunstancias que motivan que a Fundación non poida proporcionar algunhas das prestacións recollidas no Contrato-Programa, deberá poñelo en coñecemento do Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo de que realice as xestións necesarias para a súa prestación. En tal caso, o Servizo Galego de Saúde poderá facilitar os medios necesarios para a provisión de servizos programados no suposto de que a FPGMX, por circunstancias excepcionais, non poida proporcionar algunha das prestacións programadas. Nestes supostos o Servizo Galego de Saúde poderá axustar as prestacións económicas segundo o nivel de medios que tivera que aportar para esta situación excepcional.





A localización física actual da Fundación no Hospital Clínico Universitario de Santiago ocasiona gastos pola utilización dos recursos asistenciais da Área Sanitaria de Santiago e Barbanza. Estes gastos serán compensados pola FPGMX. A efectos da súa compensación, a Dirección de Recursos Económicos desta Área Sanitaria remitirá anualmente unha certificación do gasto á Fundación onde figurará o concepto, o importe e o seu detalle. A certificación deberá ser conformada polo Director da Fundación ou persoa en quen delegue para posteriormente remitila á Dirección de Recursos Económicos sinalada, quen detraerá do importe de gasto previsto polo centro hospitalario á Fundación, a contía establecida na devandita certificación.

6. Cobertura de hipotéticos déficits.

A existencia de hipotéticos déficits que requiran de financiamento adicional deberá notificarse a Subcomisión de Servizos Centrais do Servizo Galego de Saúde e elevarse ao Padroado da Fundación e/ou a Comisión de seguimento e control xunto cun informe explicativo das causas e importes das desviacións na estimación de ingresos, das previsións de que dito déficit poida ser puntual ou repetirse nos exercicios seguintes e do impacto que puidesen ter na consecución dos obxectivos programados, así como, no seu caso, as necesarias modificacións que como consecuencia de devanditos déficits deban introducirse como Addenda ao Contrato Programa así como o alcance das mesmas.

7. Compromisos das partes

Por parte do Servizo Galego de Saúde:

- Prover dos recursos orzamentarios necesarios para a consecución dos obxectivos da Fundación, segundo o establecido no Contrato-Programa, e recollidos nas Leis de Orzamentos Xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para cada ano.

- Permitir o acceso á historia clínica (aplicativo IANUS) ao persoal que desenvolva a súa actividade asistencial na Fundación co fin de asegurar a realización das determinacións analíticas máis axeitadas en cada caso e previa acreditación do cumprimento das esixencias contidas na normativa de protección de datos persoais. Este acceso estará limitado ás historias clínicas dos/as pacientes ou usuario/as que os centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde remitan á Fundación e no marco temporal que dure esa atención. Debe contemplar:





- Acceso á historia clínica resumida do paciente e, de non ser esta suficiente, á historia completa, ben mediante acceso directo a IANUS ou ben desde o sistema de información de laboratorio (SIL) da Fundación.

- Acceso á publicación de informes nunha área específica da historia clínica referida a xenómica: os profesionais incorporarán os informes relativos aos estudos xenéticos realizados na FPGMX á historia clínica correspondente.

- Formalizar polos Centros Sanitarios do Sergas o consentimento informado para a realización das análises xenéticas por parte da FPGMX, con base no disposto na normativa reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes.

- Informar e coordinar a xestión das queixas, reclamacións e suxestións relacionadas coa prestación dos servizos da FPGMX polo medio establecido.

- Integrar o/s Sistema/s de Petición/s electrónica/s dos estudos xenéticos xerados polos diferentes módulos dispoñibles nos centros sanitarios co sistema de información de laboratorio da Fundación

Por parte da FUNDACIÓN:

- Acadar cos recursos asignados o cumprimento de obxectivos de conformidade co establecido no Contrato-Programa.
- Achegar os recursos humanos e materiais necesarios para o desenvolvemento dos servizos, actuacións e obxectivos contemplados no presente Contrato-Programa. Así mesmo no suposto de que se establezan formas de colaboración complementaria entre a Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e o Sergas para o desenvolvemento de programas concretos de prestación sanitaria ou outras actividades de apoio á asistencia sanitaria que requiran o uso simultáneo de recursos humanos e/ou físicos de ambas institucións, deberase indicar no módulo correspondente a fórmula concreta de compensación dos custos efectivos.
- Realizar todas as actividades de xestión administrativa e financeira nas que se inclúen, entre outras: as de rexistro e explotación dos datos da demanda dos centros sanitarios e a prestación de servizos realizada, a contratación de persoal, os aprovisionamentos, a xestión de cobros e pagamentos, etc. No desenvolvemento destas actividades



atenderase á normativa vixente que lle sexa aplicable, tendo especial dilixencia no respecto aos dereitos dos usuarios do servizo.

- Garantir igualdade de atención a todos os pacientes que estableza o Sergas como beneficiarios dos servizos, sen mais diferenzas que as inherentes á natureza propia dos distintos procesos patolóxicos e dos recursos dispoñibles en cada momento.
- Actuar como medio propio e servizo técnico da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e dos poderes adxudicadores dependentes dela, polo que está obrigada a realizar os traballos que aquela ou estes lle encomenden.
- Requirir a actuación do Comité de Ética Asistencial (CEA) do Sergas, nos casos nos que proceda.

8. Criterios e mecanismos de responsabilidade do persoal directivo

O persoal directivo da Fundación, ao que se refire o artigo 15 dos seus Estatutos estará suxeito a esixencias de responsabilidade por incumprimento dos obxectivos.

Os indicadores recollidos no punto 5 son a ferramenta a utilizar para avaliar o cumprimento dos obxectivos, e será necesario acadar o valor estándar destes, polo menos, no 60% do conxunto de indicadores asociados a cada un dos obxectivos.

Para os efectos anteriores, non se terán en conta os indicadores asociados a obxectivos específicos ou actuacións que se cancelen ou non se leven a cabo por causas independentes da vontade e actividade desta Fundación.

En caso de incumprimento, o Padroado, a iniciativa propia ou por proposta da Dirección, e logo de analizar o conxunto de indicadores que non acadaron o valor antedito poderá apercibir formalmente aos responsables das correspondentes áreas.

Por outro lado, no caso de que se acade ou supere o 80% dos indicadores relativos os obxectivos operativos asociados a cada área de actividade da Fundación, de conformidade co previsto no presente contrato plurianual, as respectivas áreas poderán ser beneficiarias das medidas de recoñecemento que o Padroado estime axeitadas e de conformidade coa normativa vixente que resulte de aplicación.



9. Comisión de seguimento e control, e Subcomisión de servizos centrais

Comisión de seguimento e control:

Constitúese unha Comisión de seguimento e control que estará integrada por un representante da consellería competente en materia de Facenda, un representante da Fundación, un representante da consellería competente en materia de Simplificación Administrativa. No caso da consellería de adscrición seleccionárase un representante (que realizará as función de secretaría) a través da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria.

Exercerá a Presidencia da Comisión a persoa representante da consellería competente en materia de Facenda.

Con independencia dos controis internos e externos aos que se someta a actividade da Fundación, o Servizo Galego de Saúde e a Comisión de Seguimento e Control poderán solicitar a información e documentación que se xere na prestación de servizos da Fundación.

Esta Comisión de seguimento e control elaborará anualmente un informe de avaliación global do cumprimento do Contrato-Programa elaborado pola Subcomisión de servizos centrais, coas propostas de adaptación dos compromisos para o ano seguinte así como sobre o seu grao de cumprimento, e propoñerá as modificacións e adaptacións necesarias para a súa revisión e renovación.

Subcomisión de servizos centrais (Sergas - FPGMX):

Para os efectos do seguimento, análise e avaliación dos obxectivos asistenciais e de colaboración deste contrato programa, así como o seguimento e a verificación da correcta prestación do servizo e resolucións de incidencias que se podan producir crearase unha Subcomisión en Servizos Centrais do Servizo Galego de Saúde e a Fundación coas seguintes funcións:

- Estudar e aprobar novos procesos ou probas asistenciais
- Estudar e aprobar as modificacións ou substitución de procedementos ou probas novas
- Precisar cantas normas de funcionamento resulten necesarias para a execución do contrato programa





- Comprobar as liquidacións económicas do contrato programa de Servizos Centrais
- Avaliar o grao de cumprimento dos obxectivos
- Interpretar o contrato programa e dos seus módulos específicos
- Atender as consultas e resolución de problemas xurdidos nas distintas Áreas sanitarias
- Estudar e aprobar programas específicos e adicionais que poidan xurdir segundo necesidades concretas do Servizo Galego de Saúde, e os seus obxectivos asociados
- Formalizar as instrucións, avaliar e regularizar as compensacións que sexan necesarias.
- Aprobación dos protocolos que se consideren necesarios que regulen o desenvolvemento de determinadas actividades específicas.


A Subcomisión efectuará anualmente, no mes de decembro, un informe de avaliación global do cumprimento do contrato programa, coa proposta de adaptación dos compromisos para o ano seguinte, se fose necesario comunicando os acordos acadados á Comisión de seguimento e control. A Fundación presentará unha memoria final na que se recollerán os indicadores de realización e de calidade, así como a consecución dos obxectivos fixados para cada un deles, e propoñerá as modificacións e adaptacións necesarias para a súa revisión e renovación.

Esta Subcomisión estará composta por tres persoas pertencentes ao Servizo Galego de Saúde (exercendo unha delas de secretario da Subcomisión), designadas pola D.X de Asistencia Sanitaria e tres persoas pertencentes a Fundación. En calquera momento, tanto dende o Servizo Galego de Saúde como da Fundación, poderase convidar ás persoas que se consideren precisas para a análise do caso obxecto estudo.

En caso de discrepancias resolverá, en última instancia, a Comisión de seguimento.

10.Procedemento para a introdución de modificacións ou adaptacións

As alteracións ou axustes para corrixir eventuais desviacións entre o planificado e o executado, sempre que non afecten á estrutura do Contrato-Programa, ou a realización de actividades complementarias que non supoñan a inclusión de novas liñas de actuación ou programas completos, non terán a consideración de modificacións, e serán aprobadas polo Consello de dirección para elevalas á Subcomisión de servizos centrais, e motivaranse na



actividade demandada necesaria que garanta o acceso equitativo aos servizos prestados pola FPGMX

Aos meros efectos económicos establécese unha actividade máxima conxunta e permitírase compensar excesos de actividade dunhas áreas de servizos con defectos noutras, sempre que non se supere en máis dun 60% do valor fixado (sexa un valor numérico ou temporal)

O contrato-programa poderá modificarse no seguintes casos:

1. Que expresamente se estableza un novo importe das transferencias .
2. Que se aproben novos módulos ou se modifique ou substitúa algún dos módulos vixentes.

En calquera de estes casos previa modificación do importe anual adaptado as necesidades de financiamento sempre tendo en conta as dispoñibilidades orzamentarias.

O procedemento de modificación do contrato - programa iniciárase a instancias da Subcomisión de Seguimento de Servizos Centrais, promovendo a súa modificación a Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria (Subdirección Xeral de Xestión Asistencial e innovación) ou a Dirección Xeral responsable do proxecto encargado, que tralo informe da Asesoría Xurídica é informe de sostibilidade da Dirección Xeral de Orzamentos e Financiamento Autónoma, esta modificación, previa aprobación por pare do Padroado da FPGMX, pasará a formar parte como addenda ao dito contrato programa.

Entenderase que as modificacións afectan á estrutura do Contrato programa nos seguintes casos:

- Os orzamentos do Servizo Galego de Saúde non dotasen á Fundación do financiamento previsto neste contrato programa
- A variación da contía dos valores dos indicadores en máis dun 60% do valor fixado (sexa un valor numérico ou temporal)
- a eliminación, modificación ou introdución de novos obxectivos estratéxicos e/ou específicos

Nestes supostos procederá a aprobación por parte do Consello da Xunta dun novo contrato programa.





11. Marco de actuación en materia de recursos humanos

- De acordo co establecido no punto 2 do artigo 24 do Decreto 276/2001, do 27 de setembro, a relación xurídica do persoal ao servizo da Fundación será de carácter laboral, con aplicación para o persoal de alta dirección, persoal temporal e de cadro do disposto na lexislación laboral común e na normativa de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas.
- Con data de efectos 1 de novembro de 2021 e, segundo acordo de 14 de outubro de 2021 da Comisión Negociadora creada ao efecto, a Fundación está adherida temporalmente ao Convenio colectivo para o persoal laboral do sector sanitario de Galicia xestionado por fundacións públicas sanitarias ou empresas públicas en tanto en canto non se acorde un convenio colectivo propio. O acordo abrangue o recoñecemento do complemento por antigüidade ao persoal da entidade e a aplicación da xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións establecidos na normativa do Servizo Galego de Saúde.
- O cadro de persoal laboral vixente á sinatura deste Contrato-Programa, aprobado polo Padroado da Fundación e polas Direccións Xerais de Planificación e Orzamentos e da Función Pública da Consellería de Facenda, é o que segue:

CÓGIGO RETRIBUTIVO	Posto	Nº PRAZAS
X-01-03	XEFE DE LABORATORIO	3
X-01-04	ADXUNTO DE LABORATORIO	15
X-01-01	XEFE DE ADMINISTRACIÓN	1
X-01-05	BIOTECNÓLOGO	2
X-01-06	BIOINFORMÁTICO	2
X-01-09	INVESTIGADOR/A ASOCIADO/A (grupo I.2)	2
X-01-10	INVESTIGADOR/A COLABORADOR/A	2
X-01-07	TÉCNICO/A CALIDADE	1
X-01-08	TÉCNICO/A ADMINISTRACIÓN GRUPO A1	1
X-02-01	ATS/DUE	1
X-03-01	TÉCNICO DE LABORATORIO	14
X-04-01	TÉCNICO/A ESPECIALISTA DE INVESTIGACIÓN	3
X-05-01	AUX. ADMINISTRATIVO	2
		49



- A Fundación obrígase ao cumprimento, baixo a súa exclusiva responsabilidade, das disposicións vixentes sobre relacións laborais, de seguridade social e calquera outra de carácter xeral.
- A Fundación contará co persoal necesario para a prestación da actividade contratada que dependerá exclusivamente dela, sendo o Sergas totalmente alleo ás relacións laborais. Se fora necesario, procederá á substitución do persoal de xeito que a execución deste Contrato-Programa quede sempre asegurada.



Anexo I: Carteira de servizos da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica e detalle de estudos e custe segundo técnica analítica.

As análises xenéticas ou xenómicas incluídas na carteira de servizos da FPGMX cumpren os requisitos marcados pola Orde SND/606/2024, de 13 de xuño e a propia Carteira común de servizos do Sistema Nacional de Saúde.

A prestación do servizo integral da Fundación inclúe: o transporte da mostra e documentación asociada ás instalacións da Fundación, o procesamento da mesma, a análise e interpretación dos resultados e a entrega dos informes relativos aos estudos xenéticos na historia electrónica IANUS (incluído o asesoramento preciso) , así como a conservación da mostra e a custodia da documentación.

A actividade realizada clasificarase e facturarse segundo a técnica empregada na determinación analítica.

Os informes poderán integrar a secuencia de procedementos e/ou técnicas no caso das peticións por síndrome/patoloxía.

Tipo de técnica	Tarifa 2025-2026
Secuenciación Sanger	
Secuencia Sanger - xenotipado simple	90,00 €
Secuencia Sanger - xenotipado simple con deseño	135,00 €
Secuencia Sanger - xenes complexos	200,00 €
Secuenciación Masiva	
Panel xenes	450,00 €
Exoma	700,00 €
Reanalise panel de xenes ou exoma	300,00 €
Panel 1-2 xenes somático	400,00 €
Panel xenes somático ADN	650,00 €
Panel xenes somático ADN e ARN (fusións)	900,00 €
Exoma somático	1.400,00 €
Panel hipermutación	700,00 €
Xenotipado SNPs	
Panel de SNPs predeseñado CFTR	200,00 €



Tipo de técnica	Tarifa 2025-2026
Estudio de dose xénica	
MLPA	150,00 €
MLPA dixital	250,00 €
Arrais de SNPs – CytoExon	500,00 €
Arrais de SNPs de xenoma completo	500,00 €
Análises de fragmentos	
Análise de microsatélites	215,00 €
Análise de fragmentos (PCR + análise de tamaño)	125,00 €
Expansións dinámicas	250,00 €
PCR nested	190,00 €
QF-PCR	125,00 €
Quimerismo	325,00 €
PCR en tempo real	
qPCR	225,00 €
PCR en tempo real para xenotipado de 1-15 variantes	115,00 €
PCR en tempo real para xenotipado de 16-25 variantes	200,00 €
PCR en tempo real para xenotipado de 26-50 variantes	250,00 €
Estudos de metilación	
MS-MLPA	150,00 €
Citoxenética	
Cariotipo a partir de sangue	125,00 €
Cariotipo a partir de líquido amniótico	225,00 €
Cariotipo a partir de vellosidades coriais	275,00 €
Cariotipo a partir de médula ósea	150,00 €
Citoxenética Molecular	
Hibridación in situ fluorescente (FISH) - 1ª sonda	125,00 €
Separación celular + Hibridación in situ fluorescente (FISH) - 1ª sonda	230,00 €
Hibridación in situ fluorescente (FISH) - 2ª sonda e sucesivas	70,00 €
Test prenatal non invasivo	
Test prenatal non invasivo	320,00 €
Asesoramento xenético	
Sesión asesoramento pretest o postest	95,00 €
Outros	
Suplemento urgente ou diagnóstico prenatal (excepto cariotipo, QF-PCR e TPNI)	150,00 €

Documentación

A FPGMX remitirá mensualmente unha certificación relativa á actividade realizada de cada área sanitaria, previa conformidade de cada unha das ditas áreas sanitarias ao Servizo Galego de Saúde - Subdirección Xeral de Orzamentos, e a Dirección de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde – Subdirección Xeral de Integración Asistencial e Innovación.



Anexo II: Proxectos específicos dentro do ámbito deste contrato programa.

Programa de medicina personalizada (5P) Para impulsar a implementación no sistema sanitario público do catálogo de forma efectiva, homoxénea, equitativa e de acordo con criterios de calidade, púxose en marcha a nivel estatal no ano 2022 o Programa de desenvolvemento de medidas para mellorar a eficiencia e a sostibilidade do SNS mediante a consolidación da medicina personalizada de precisión (Plan 5p). Procedentes das medidas compensatorias derivadas da execución do Convenio de Colaboración entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio de Facenda e Función Pública e Ministerio de Sanidade) e Farmaindustria repartíronse 40.000.000,00 de euros ás CCAA e INGESA para o financiamento do Programa de desenvolvemento de medidas para mellorar a eficiencia e a sostibilidade do SNS: consolidación da medicina personalizada de precisión no SNS: Plan 5P.

Así, a actualización da carteira común de servizos de xenética está incluída, como medida transformadora do SNS.

Por tal motivo, o Sistema Público de Saúde de Galicia, como parte integrante do SNS, debe abordar dita implantación, como parte importante das políticas sanitarias de futuro.

Neste sentido, as necesidades a desenvolver centraranse na implementación da carteira común de servizos do SNS así como as medidas organizativas precisas para a consolidación da medicina personalizada de precisión no SNS garantindo a súa implantación de forma planificada, ordenada e equitativa.

A FPGMX en consonancia coa Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria coordina a execución do programa 5P en Galicia, a través da súa participación nas diferentes accións de Medicina personalizada levadas a cabo polo Servizo Galego de Saúde, como son a Estratexia de Oncoloxía de Precisión, e os programas para a implantación da cartera de Xenómica.

Outra actuación vinculada ao PLAN 5P é a dotación, actualización e adaptación das infraestruturas tecnolóxicas da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica co fin da consolidación da medicina de precisión e da adaptación da carteira de servizos FPGMX á carteira común de servizos do SNS na área de enfermidades de base xenética.



A FPGMX remitirá unha certificación relativa ao programa, así como do cumprimento dos dos obxectivos segundo o recollido na cláusula 4.3 á Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde - Subdirección Xeral de Orzamentos, previa conformidade da Dirección de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde – Subdirección Xeral de Integración Asistencial e Innovación.

Obxectivos operativos e descrición de indicadores:

(OOP) Programa 5P: carteira de servizos.

Obxectivo Estratéxico	Obxectivo Operativo	Indicadores	2024	2025	2026
Sostibilidade e xestión de recursos	Programa 5P-Carteira de servizos	Nº novos estudos incorporados á carteira de servizos	-	3	-

Programa "GenES" Consolidación da medicina personalizada no SNS. Desenvolvemento e implantación da medicina personalizada no SNS.

O proxecto GenES permite ampliar a dotación do C18.I5, con 50.000.000 euros adicionais para a execución do Plan para a implantación da carteira de xenómica no Sistema Nacional de Saúde.

Forma tamén parte do Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica para a Saúde de Vangarda (PERTE de Saúde de Vangarda), e especificamente na liña transversal 4 coa que se pretende reforzar la cohesión territorial.

Neste investimento diferéncianse dous subconceptos, sendo o primeiro a ampliación do catálogo de probas xenéticas do SNS a través da compra dos equipos necesarios, cun investimento de 23 millóns de euros, que será xestionado pola Dirección Xeral de Carteira Común de Servizos do SNS e Farmacia (DGCyF).

Con data 21/12/2023 o Consello Interterritorial do SNS aprobou o Acordo da distribución de fondos ás comunidades autónomas e o Instituto Nacional de Gestión Sanitaria (INGESA), para a implantación da carteira de xenómica no Sistema Nacional de Salud (GenES).

Dentro do citado Subconcepto 1 (Ampliación do catálogo de probas xenéticas do Sistema Nacional de Saúde a través da compra dos equipamentos necesarios) o obxectivo do Plan GenES é implementar a carteira común de servizos no ámbito da xenómica e o correspondente catálogo en todas as CCAA de forma efectiva, homoxénea, equitativa e de acordo con criterios de calidade, garantindo o acceso e a atención a todas as persoas que o



precisen e consolidar, así, a medicina personalizada de precisión no sistema sanitario público do noso país.

A proposta de catálogo de probas xenéticas incluídas na carteira común de servizos do SNS acordouse na reunión da CPAF o pasado 7 de xuño, sendo ratificada polo Pleno do Consello Interterritorial do SNS o 23 de xuño.

As medidas que poderán financiarse co fondo deste Subconcepto son investimentos para implantación das novas tecnoloxías e equipamento necesario para desenvolver as determinacións incluídas no catálogo de probas xenéticas/xenómicas mediante o que se fará efectiva a carteira común de servizos do SNS na área das enfermidades de base xenética.

Os criterios para o reparto de fondos destinados ao desenvolvemento das medidas establecidas no subconcepto 1, aprobáronse pola Comisión de Prestacións, Aseguramento e Financiamento do SNS con data 30 de outubro de 2023 e son xestionados pola DGCyF. O crédito está situado na aplicación orzamentaria 26.50.31RE.754, baseándose o reparto dos fondos nos seguintes criterios:


- Unha cantidade fixa igual a cada Comunidade Autónoma, equivalente ao 15% do total.
- A cantidade restante distribuirase proporcionalmente entre as CCAA de acordo con criterio poboacional segundo poboación sanitaria equivalente.

De conformidade con estes criterios, á Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle 1.424.281,24 € , que serán destinados pola Fundación ao programa ao que se refire este apartado concreto (GenES).

A través deste programa a FPGMX incorpora o equipamento e novas tecnoloxías necesarias para ampliar as determinacións incluídas no catálogo de probas xenéticas, facendo efectiva a carteira común de servizos do SNS na área das enfermidades de base xenética.

O importe do gasto de capital librarase unha vez emita e presente a dirección da fundación a certificación do gasto realizado xuntamente co informe de actividades e a documentación acreditativa que proceda (as facturas deberán conter suficiente información de detalle que permita relacionala co gasto xustificado). Para a validación dos citados documentos requirirase da conformidade DX de Asistencia Sanitaria. Os libramentos poderanse ser parciais na medida en que se execute e se conforme tanto o gasto realizado como a actividade desenvolvida.

Proxecto Xenoma Galicia O presente contrato-programa inclúe, como **módulo específico**, a execución desde proxecto da Xunta de Galicia durante os exercicios 2025-2026.





O principal reto é constituír un banco de datos xenómico dispoñible para facer modelos de predición de risco, e un biobanco de mostras biolóxicas para novos estudos-ómicos, ambos dispoñibles para o colectivo investigador de Galicia. O obxectivo é conseguir, mostras de galegos e galegas voluntarios/as de entre 35 e 70 anos, (estímase o 15 % da poboación da nosa Comunidade Autónoma), o que converte a este proxecto nun dos máis importantes a nivel mundial.

A través deste proxecto, ofrecerase ás persoas participantes un cribado xenético que determine que individuos teñen alto risco de padecer tres enfermidades en concreto: cancro de mama e ovario hereditarios, síndrome de Lynch (trastorno que aumenta as probabilidades de padecer cancro colorrectal) e hipercolesterolemia familiar.

Porén, o cribado constitúe só un dos grandes obxectivos do proxecto. A grande contribución que se agarda, para a sanidade e para a investigación mundial, é a información que se conseguirá con este mapeo, que incluírá non só datos xenéticos senón mostras biolóxicas e datos clínicos.

O proxecto ten, desde a súa concepción inicial, carácter inclusivo e aleatorio, malia que haberá unha parte dirixida; en concreto a inclusión de todas ás mulleres de entre 45 e 50 anos de cara ao cribado de cancro de mama e ovario.

Os obxectivos xerais de dito proxecto son:

- a) Recollida e análise xenética de 400.000 mostras totais.
- b) Ofrecer ás persoas participantes un cribado xenético que determine que individuos teñen alto risco de padecer tres trastornos hereditarios: cancro de mama e ovario hereditario, síndrome de Lynch (trastorno que aumenta as probabilidades de padecer cancro colorrectal) e hipercolesterolemia familiar.
- c) Constituír un banco de datos xenómico dispoñible para facer modelos de predición de risco, e un biobanco de mostras biolóxicas dispoñible para o colectivo investigador de Galicia.

Deste total a FPGMX asumirá directamente as seguintes actividades previstas durante os exercicios 2025-2026:

- Recollida e rexistro de 5.000 participantes con mostra de saliva.
- Recollida e rexistro de 15.000 participantes con mostras de sangue.
- Extracción de ADN das 20.000 mostras biolóxicas recollidas.
- Secuenciación do exoma completo de 5.000 mostras de saliva.





- Secuenciación de xenoma completo de 15.000 mostras de sangue.
- Realización do cribado xenético de cancro de mama e ovario hereditarios, síndrome de Lynch e hipercolesterolemia familiar, no prazo establecido (6 meses dende a recollida) para cada participante.

O resto das actividades realizaranse pola FPGMX mediante o establecemento dos correspondentes instrumentos xurídicos con provedor externo especializado, e sempre baixo a dirección e coordinación do SERGAS.

A realización das actividades do Proxecto "Xenoma Galicia" para o período 2025-2026 por parte da Fundación Galega de Medicina Xenómica cubriranse pola Consellería de Sanidade/Servizo Galego de Saúde cun importe de SETE MILLÓNS TRECE MIL DOUSCENTOS UN EUROS (7.013.201,00 €), con cargo ás aplicacións orzamentarias 50.01.561C.443.14 (6.959.961,00 €) e 5001.561C.743.14 (53.240,00 €), nas que existe crédito axeitado e suficiente.

A FPGMX remitirá unha certificación relativa ao programa, así como do cumprimento dos dos obxectivos segundo o recollido na cláusula 4.3 á Dirección de Recursos Económicos do Servizo Galego de Saúde - Subdirección Xeral de Orzamentos, previa conformidade da Dirección de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde - Subdirección Xeral de Integración Asistencial e Innovación.

Obxectivos operativos e descrición de indicadores:

(OOP) Proxecto Xenoma Galicia: organizar e xestionar.

(OOP) Proxecto Xenoma Galicia: Elaborar e presentar o Plan de explotación do Biobanco.

Obxectivo Estratéxico	Actua- ción	Obxectivo Operativo	Indicadores	2024	2025	2026
Mellora con- tinua	Inves- tiga- ción	Organizar e xestionar o Proxecto Xenoma Galicia	Porcentaxe de participan- tes informados do criba- do xenético en prazo /to- tal de participantes	-	> 90%	> 95%
		Elaborar e presentar o Plan de explotación de Bio- banco	Presentación do Plan de explotación	-	Definir liñas estratéxicas (LE)	Desenvolve- mento das acti- vidades das LE

